



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACION SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29-09-21), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26):
 - b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:
 - Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.
 - Se o número total é de 3 membros: renóvase 1 membro.
 - Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.
 - Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.**

Por tanto, corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 profesores/profesoras**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 4 representantes do profesorado (Juan Carlos Romero Montero, Cristina Montero Aneiros, Daniel Bogo Varela e Antonio Rivera García) continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2. O censo electoral do profesorado está exposto desde o 4 de novembro no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesor/a de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **2** da lista de candidatos/as.
6. O voto será directo, secreto e non delegado.
7. Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as (telemático), a tales efectos, para o día **21 de novembro de 2022, ás 19.30 h.**
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 14 de novembro de 2022

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Xoán Manuel Vázquez Vázquez.